

A POLÉMICA LAPA-PIÑEIRO E A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA GALEGA

I.M. Roca

University of Essex

1. AMEAZA DE CATÁSTROFE

Vou comezar esta comunicación cunha cita tirada de Alonso Montero (1973:8). E vou tomarme a liberdade de actualizar entre corchetes a data e o lugar a setembro de 1996 e Santiago de Compostela, porque penso que as palabras do profesor Alonso son tan certas aquí neste momento como o eran en 1973 en Lugo, ou mais aínda (dou a cita no castelán orixinal):

¿Qué podemos hacer por el gallego en [septiembre de 1996]? Poco o mucho, sólo partiendo de la idea de que la lengua gallega está muy próxima a una situación irreversible, sólo en ese caso podríamos tener alguna eficacia. Pensar que las cosas marchan bien o bastante bien, es colaborar ingenuamente con las fuerzas y los instrumentos que están a punto de perpetrar un lingüicidio.

Nuestra lengua, señoras y señores, está amenazada de muerte. Seríamos superlativamente cándidos si creyésemos que disponemos de armas eficaces para oponernos al avasallante cerco en que vivimos. El peligro está tan cerca, tan a nuestro lado, que ya sólo una pregunta es legítima: ¿Qué hacer?

Porque algo, algo radicalmente distinto a lo habitual, hay que hacer. Y con urgencia. Ahora mismo.

[Santiago, 20 de septiembre de 1996]

Vou clarificar inmediatamente a razón pola que penso que a validez da afirmación de Alonso mantense, ou mesmo intensifícase, nos tempos que corren, dado que, superficialmente, estes tempos son moi diferentes daqueles nos que el escribía: agora o galego é cooficial en Galicia, lingua de ensino, lingua de varios medios de comunicación social, lingua habitual no Parlamento de Galicia e empregada en público por moitos persoeiros, etc.

A realidade sincrónica dunha lingua pode equipararse á realidade física dun río. Un río ten unha fonte, un curso no que o caudal discorre en medio de campos e montañas, e unha desembocadura na que o río desaparece no mar. De xeito semellante, a fonte sincrónica dunha lingua son os seus falantes novos: os nenos que nacen no contexto desa lingua, que eles por iso adquiren espontaneamente e sen esforzo ningún, ata alcanzar loguño a perfección nela (vid. a miña comunicación “O falante nativo na enquisa sociolingüística da RAG”). O caudal da lingua represéntano os seus falantes maduros, que xa adquiriron a lingua e simplemente a usan no curso da súa vida. Finalmente, a morte física destes falantes equivale ó mergullo do río no mar, adaptando a célebre metáfora que usara xa hai tempo e noutro contexto o poeta castelán Jorge Manrique.

Pois ben, o problema que ten o galego é que as súas fontes están a secar dunha maneira acelerada. Xa o recente informe sociolingüístico da Real Academia Galega (Fernández e Rodríguez Neira 1994) dá unha porcentaxe dun mero 34,4% de falantes nativos para o sector de poboación comprendido entre os 16 e os 25 anos. Ora, esta cifra obtívose antes de 1994, e hai serios indicios de que mingou considerablemente desde entón. Amais, a cifra actual para os nenos máis novos, de 4 anos ou menos, debe ser notablemente inferior, como se recoñeceu abertamente en varias das discusións deste congreso: con toda probabilidade, o número de pais que actualmente falan en galego ós seus fillos é insignificante no contexto do total da poboación. E mesmo cando os pais lles falan galego ós fillos, a forza da castelanización xeral do entorno pode impedir unha adquisición normal da lingua autóctona, como revela o recente estudio de López Romalde (1996), no que se explica como unha nena de 3 anos de familia galegofalante xa usa o castelán maioritariamente.

Ora, se as fontes do río secan, os días (ou anos) de vida que lle quedan ó río certamente están contados, porque sen fontes non hai auga nova, e sen auga nova non hai mais río. De modo semellante, sen falantes nativos, sen nenos que adquiran a lingua segundo nacen, a lingua parece ó morrer os falantes nativos que aínda lle quedan (vid. a miña comunicación “O falante nativo na enquisa sociolingüística da RAG”). Para entender isto é esencial decatarse que unha lingua sen falantes nativos non é unha lingua viva: en caso contrario, o latín e mesmo o hitita ían poder considerarse linguas vivas sempre que as coñeceran catro eruditos, unha conclusión obviamente absurda.

Os feitos a que me acabo de referir anuncian xa que logo a morte próxima do galego de seguiren as cousas como están agora, e de aí a relevancia das palabras do profesor Alonso Montero con que abrín o relatorio. ¿E por qué está o galego entrando, ou a piques de entrar, nos estertores da agonía? A resposta a esta pregunta tan fundamental é extremadamente simple: exclusivamente pola vontade dos seus falantes, pola vontade da maioría dos galegos. Importa moito comprender a veracidade desta afirmación, que temo que moitos se vexan inclinados a negar. A realidade é que somos nós, e só nós, os que decidimos en que lingua lle falamos a un neno, ó noso neno. Naturalmente esta escolla non é aleatoria, senón fundada en razóns de mais ou menos peso obxectivo, pero

en todo caso subxectivamente importantes (de feito decisivas) para nós. No caso galego, estas razóns son ben coñecidas de todos, intuitivamente e tamén explicitamente, e xa falei de moitas delas noutras comunicacións que presentei neste congreso. É crucial decatarse, con todo, que ningunha razón do mundo pode FORZARNOS a facer cousa ningunha que non queiramos facer, e por tanto cando facemos algo facémolo porque decidimos facelo e de feito QUERÉMOLO facer. Por iso, se a grande maioría (ou, se queredes ser máis optimistas, unha maioría moi importante) de pais galegofalantes non lles falan galego ós seus fillos, non temos máis remedio que concluír que non o fan porque non teñen vontade de facelo. Polo contrario, teñen vontade de lles falar en castelán, porque queren que os seus fillos falen nesta lingua. Esta vontade popular de abandonar o galego non é cousa nova (xa no século XIX dicía Murguía, lembrando os anos da súa mocidade desde a súa idade madura: “cincuenta años han bastado para que las clases elevadas, que antes no entendían cometer falta usando el lenguaje que todos entendían, hayan cambiado”; citado en Portas 1991:85), e está acertadamente resumida nas seguintes palabras de Jardón (1993:4): “la población rural gallega se ha expresado predominantemente en gallego; sin embargo, su lengua preferida era claramente el castellano”. O que acontece é que cambiar de lingua (ou sexa, abandonar unha lingua e aprender outra) non é cousa tan doada como abrir a billa e encher un vaso de auga, e por iso a unha sociedade lévalle tempo facelo, séculos mesmo. O contexto actual é, con todo, moi favorable para o paso ó castelán dos galegos, por razóns obvias (emigración ás cidades, rapidez e barateza das viaxes, extensión da educación, televisión, etc.), e por iso o tal cambio está agora a se realizar dunha maneira acelerada.

A realidade é, así, que os galegos (ou moitos galegos, unha maioría de galegos) QUEREN, e agora poden con relativa facilidade, interromper a transmisión natural do galego. Cómpre salientar nesta altura que o mesmo fenómeno se está a dar, por causas semellantes, en moitas das outras linguas do mundo, ata o punto de que no recente Congreso da Asociación Norteamericana para o Progreso da Ciencia celebrado en Atlanta chegouse á conclusión de que mais do 90% das linguas existentes hoxe no mundo van desaparecer no século XXI. Estes científicos poden errar sobre o destino que lle agarda a unha lingua determinada, pero é improbable que estean errados no conxunto global: simplemente, os ventos que sopran non son propicios ás linguas pequenas (mesmo aínda queden moitas destas no mundo), e menos aínda a linguas coa historia e estrutura social que ten o galego.

Se estou a dicir isto todo, non é por catastrofismo, senón máis ben o contrario, porque penso que aínda se pode facer algo, moito se cadra, polo galego se DE VERDADE non queremos que morra. Pero na miña opinión, como na de Alonso Montero hai case un cuarto de século, cómpre facer algo radicalmente diferente do que nos é habitual, e hai que facelo desde a realidade, non desde a fantasía (“pensar que as cousas marchan ben é colaborar inxenuamente coas forzas e os instrumentos que están a piques de perpetrar un lingüicidio”). Nesta comunicación quero mesmamente enfocar un dos factores que

eu vexo como fortemente prexudiciais ó futuro do galego, co fin de chamar a atención sobre el para ver se entre todos podemos pórllle remedio axiña.

2. LOITAS INTESTINAS

Vou preparar un pouco mais o terreo cun argumento tan simple que case é perogrullesco. Parte importante da realidade actual do galego é que as forzas que militan pola súa preservación son moi minoritarias (¡malia o considerable número de participantes neste congreso!). O carácter minoritario do sector activamente pro-galego fai esencial a concentración de toda a nosa enerxía, porque se non, se disipamos esta enerxía, a influencia que imos ter sobre o futuro da lingua galega (e, decisivamente, tamén sobre o seu presente) no conxunto da sociedade galega vai ser moi cativa. Xa dixen que, de por si, isto é perogrullesco. Infelizmente, no contexto galego a súa relevancia é grande. En concreto, como ben sabedes todos, hai agora en Galicia varios grupos enfrontados co gallo da ortografía da lingua, e estes grupos non colaboran entre si, antes se ignoran e mesmo andan á liorta de cando en vez. Por se fixera falta recordarvos de que se trata, vou incluír un cadriño baseado en Henderson (1994):

TENDENCIAS ORTOGRÁFICAS ACTUAIS EN GALICIA

NORMATIVA OFICIAL: ILG/RAG

REINTEGRACIONISTAS:

MÍNIMOS: AS-PG

MÁXIMOS-MÍNIMOS: AGAL

MÁXIMOS-MÁXIMOS: I da F, ASPGP

[SIGLAS: ILG = Instituto da Lingua Galega, RAG = Real Academia Galega, AS-PG = Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, AGAL = Associação Galega da Língua, I da F = Irmandades da Fala, ASPGP = Associação Sociopedagógica Galaico-Portuguesa]

Evidentemente, esta falta de unidade das poucas forzas que están activamente a favor da lingua só pode resultar nunha perda de efectividade da que a lingua sae claramente prexudicada. A resolución deste conflito é, por tanto, unha das tarefas máis importantes e urxentes que ten pendente a comunidade galeguista, unha tarefa que non se pode adiar máis se de verdade queremos axudar á tan necesitada (por maltreita) lingua galega, que, como xa dixen antes, corre un risco serio de desaparecer para sempre da face da terra en cuestión dunhas poucas décadas.

Non vou suxerir aquí solucións concretas ó conflito ortográfico, aínda que solucións hainas se houber vontade de encontralas (e despois aceptalas). E reparade que cando digo vontade, estou a me referir tamén aquí ó terreo da realidade, non da fantasía, porque en principio ninguén vai dicir que non quere arranxar a situación, pero se na práctica non se fai nada, ou se o único que se fai é atacar o(s) grupo(s) contrario(s), é

claro que o problema non se vai resolver, antes polo contrario, as cousas van empeorar cada vez mais, e a única vítima vai ser, evidentemente, a lingua galega. No presente contexto é útil recordarmos a mensaxe optimista da dialéctica hegeliana, no cadro da cal tese e antítese fertilizanse mutuamente para xerar unha síntese que as supera e as mellora. Lonxe do catastrofismo, eu albisco vizosas paisaxes para o día en que os compañeiros agora enfrontados consigan comprender que do que se trata non é de gañar batallas fratricidas, senón de tentar salvar o galego entre todos, que xa non somos de máis.

No resto deste traballo vou remontarme á fonte (ou unha das fontes máis importantes) do presente conflito, o debate entre o profesor portugués Rodrigues Lapa e o pensador galego Piñeiro López, con obxecto de mostrar que os dous amigos están de acordo en moito máis do que unha lectura superficial dos respectivos traballos pode suxerir. En realidade, eu coído que Lapa e Piñeiro só discordan nun par de aspectos anecdóticos, e por demais anódinos, e que as súas opinións sobre os aspectos centrais e esenciais da cuestión son idénticas. Como digo, no resto da comunicación vou tentar demostrar a veracidade desta afirmación.

3. CONCORDANCIAS

É lugar común que a supervivencia do galego durante os últimos séculos se debe maiormente, se non exclusivamente, a dous feitos complementarios: (1) a concentración da poboación galega no campo, (2) o illamento, tanto físico como económico e cultural, do campo galego, de feito ghetizado con respecto á sociedade maior na que estaba (e está) inserido, esencialmente a sociedade española. Lapa e Piñeiro concordan en que tal situación xa estaba a desaparecer, e a desaparecer axiña, ó tempo da publicación dos seus artigos:

Lapa:

Num artigo do Prof. Valentín Arias López, de Vigo, publicado em 29 de Janeiro do ano passado no jornal *El Progreso*, dizia-se, a respeito do escoamento das populações rurais para o estrangeiro, que as aldeias galegas estavam a ficar vazias e despoar-se-íam de vez, se continuasse a emigração: “Negar-se a ver tal coisa parece traição ou suicídio... Ou viramos o roteiro actual, ou a Galiza propriamente dita desaparecerá. Na geração que se segue à nossa? Talvez” (p. 280).

Piñeiro:

A Galicia campesina tradicional está en crisis, mortalmente ferida pola aculturación alienante, pola emigración en masa, polo atraso económico paralizante, pola impotencia social fronte ás forzas destructivas que a van desintegrando. En Galicia, como en todas partes, a cultura agraria tradicional cede á presión da cultura urbana, á eficacia esmagadora do racionalismo técnico-industrial que vai dominando o mundo contemporáneo (p. 394).

Se o campesiñado galego desaparece, e con el a súa lingua, a única vía de supervivencia para o galego reside na urbe, aspecto no que tamén coinciden Lapa e Piñeiro:
Lapa:

Daqui por diante pode muito bem ser esse mundo rural, pelo esforço de adulteração sistemática a que está submetido e vai progredindo com as circunstâncias, o maior adversário do idioma, que durante séculos defendeu com tanto afinco (p. 282)... O problema está exposto, com meridiana clareza, no trabalho que estamos analisando: “Na situación actual, o porvir da lingua galega está na sua incorporación á vida normal das cidades... Con un mundo rural despoboado e desfeito non é posible xa descansarse nil, consciente ou inconscientemente como defensor do galego” (p. 282).

Piñeiro:

Na miña opinión, a actitude pesimista mais común básase na identificación da lingua galega coa cultura oral campesiña. Esta identificación é válida para un periodo histórico da nosa lingua, mas non para toda a súa historia... O galego está levando a cabo outra transformación revolucionaria: a de deixar de ser unha lingua puramente rural para se converter en lingua urbana (pp. 389-90).

Na opinión de Lapa, o proceso de urbanización non acaba co transplante do galego ás cidades, senón que tamén esixe o peneire da fala para limpala dos ruralismos que a fragmentan e desloquen:

Se o quisermos introducir na cidade, teremos de lhe vestir trajo cidadão, alimpá-lo de muita escória que o torna ainda grosseiro para o gosto exigente do homem urbano (p. 282).

Como de costume, Piñeiro concorda, e mesmo pensa que xa se chegou a este estado:

A batalla do galego por desenvolver a súa plena actividade cultural como lingua escrita tivo que vencer moitos atrancos... O punto de partida era unha lingua abafada, desprestixiada, reducida aos usos coloquiais da vida rural. Hoxe é unha lingua escrita en condicións de asumir totalas necesidades expresivas da creación espiritual (p. 392).

Lapa suxire que o galego urbanizado e literario é, simplemente, o portugués:

Nada mais resta senão admitir que, sendo o português literário actual a forma que teria o galego se o não tivessem desviado do caminho próprio, este aceite uma língua que lhe é brindada em salva de prata (p. 286).

Lapa dá un exemplo concreto do camiño a seguir, en relación coa adaptación dun libro de poemas galegos publicado daquela en Portugal:

A alteração de *ledicia*, termo arcaico já perdido no português, em *alegria*, forma belíssima, usual em galego e português, revela extraordinário acerto e pode muito bem antecipar e definir o método a seguir para uma futura integração dos dois idiomas, a nível literário (p. 283).

Esta é, naturalmente, a pedra de toque do seu artigo, do debate entre os dous amigos, e da disputa que divide e magoa a familia galeguista nos nosos días. A opinión prevalecente é que a visión dos dous polemistas sobre este asunto é claramente encontrada, mesmamente a *raison d'être* da disputa. Eu quero diferir desta opinión, porque unha lectura pormenorizada dos textos respectivos paréceme a min que revela unha coincidencia esencial tamén a este respecto:

Piñeiro:

En primeiro lugar, estamos totalmente de acordo en que o galego e o portugués son radicalmente a mesma lingua (p. 401)... En consonancia con esto, a política a seguir na fixación do galego culto debe orientarse decididamente á consolidación de todo o que hai de común no galego e no portugués (p. 402).

Outro punto de concordia refírese ás vantaxes demográficas de reinserir o galego no marco do portugués:

Lapa:

Daqui a 25 anos, essa língua renascida para a civilização, incorporada já de pleno direito no idioma de Portugueses e Brasileiros, será lida por mais de 200 milhões de indivíduos; e num prazo de 50 anos, assim o dizem os futurólogos da Demografia, serão 400 milhões a falar o galegoportuguês. É uma perspectiva risonha, que nos deve encher de júbilo e ufanía! (p. 286).

Piñeiro, como moitos outros galeguistas de antes e de agora, non pode nin quere ignorar esta positiva realidade:

Tamén estamos de acordo en que esa comunidade fundamental das linguas cómpre mantela, no que os galegos somos mesmamente os mais interesados, porque é esa comunidade a que nos abre un horizonte inmenso de universalidade cultural dentro do ámbito lingüístico propio. Sería necio que renunciásemos a esas posibilidades de expansión cultural (p. 402).

Piñeiro mesmamente propugna un achegamento activo ó ámbito luso-brasileiro:

Debemos igualmente procurar un crecente e cada vez mais profundo intercambio cultural, de xeito que cheguemos a ter un coñecemento verdadeiramente familiar das tres culturas [galega, portuguesa e brasileira], seguindo mesmamente o seu exemplo [de Lapa] (p. 402).

Resumindo agora, os dous “polemistas” claramente concordan nos seguintes puntos:

- 1) o campo galego desintégrose, e con el a base secular da lingua galega;
- 2) o futuro do idioma galego, se é que o ten, ha ser necesariamente urbano;
- 3) o galego e o portugués son substancialmente a mesma lingua;
- 4) o galego literario e o portugués literario deben entrar nunha comunicación intensa e fraterna.

Chegados aquí debemos preguntarnos cales son as discordancias expresadas nos artigos que andamos a comparar. Como xa anunciei, son poucas e anecdóticas, e esencialmente aparentes.

En primeiro lugar, Piñeiro quere deixar ben sentado que os galegos non poden nin queren abandonar o galego polo portugués:

Nesta liña de achegamento, a actitude galega será sempre aberta e entusiasta. Mas será achegamento desde o galego, non renunciando ao galego (p. 402).

Lapa era consciente de que a súa proposta se podía malinterpretar como un intento anxionista que el non tencionaba de xeito ningún:

Reconhecemos perfectamente que estas sugestões dum velho filólogo, preocupado com o destino do idioma galego, a que é tão afeiçoado, hão-de encontrar resistência em certas esferas literárias e não literárias (p. 284)... Isto que dizemos, com pureza de intenções, que nascem do nosso entranhado amor pela Galiza, poderá aos que não conhecem o nosso passado galegófilo parecer uma espécie de incitação a um Anschluss cultural e linguístico do galego. É uma injustiça, e sobretudo um erro: não fomos nós os primeiros a dizê-lo (p. 286).

Neste respecto é esencial ver se hai conflito entre a fidelidade ó galego e o achegamento ó portugués proposto, como vemos, tanto por Lapa como por Piñeiro. Piñeiro menciona que o antigo galego-portugués ten dado lugar a tres linguas diferenciadas: o galego, o portugués e o brasileiro:

O português moderno que se foi formando nos séculos XV e XVI evoluciona mesmamente desviándose do galego, desgaleguizándose... A min seméllame claro que hai unha primeira etapa común, a etapa medieval, a etapa do *galego-portugués*. Hai unha segunda etapa, a etapa moderna, en que esa lingua común medieval se diferencia en dúas linguas irmás, o galego e mais o portugués. E hai unha etapa que agora comenza, unha terceira etapa, na que non son dúas senon tres as linguas que xurdiron do común galego-portugués: o galego, o portugués e mailo brasileiro (p. 401).

Eu estou completamente de acordo con Piñeiro no tocante á existencia destas tres variedades claramente diferenciadas. Esta realidade obxectiva é tan evidente que non hai posibilidade ningunha de negala, e ninguén pode nin vai querer negala, menos de todos o profesor Lapa:

Totalmente identificado [o galego], nos séculos XII e XIII, com o português, separou-se deste por razões conhecidas (p. 286).

O que acontece é que a palabra “lingua”, que Piñeiro emprega, préstase facilmente a malentendidos, que seica infelizmente abundan nalgunhas esferas. Como xa tentei deixar claro noutra ocasión (Roca, 1997), o que existe na realidade non son linguas, senón ma-

neiras de falar, das que cada un de nós ten a súa propia, chamada “idiolecto” polos lingüistas. Naturalmente, moitos destes idiolectos son moi parecidos (¡se isto non fose así non nos íamos poder entender uns cos outros!), e forman o que se chama tecnicamente un “dialecto”. Un dialecto determinado tamén pode parecerse a outros dialectos. No dominio lingüístico da Rumania, por exemplo, houbo un tempo no que, segundo os especialistas, pasábase dun dialecto a outro na progresión xeográfica case sen darse un de conta (o “continuo dialectal”). A esta altura o lector debe reparar que non estou usando a palabra “lingua”, por un bo motivo: simplemente, a cualificación de “lingua” que se lle dá a unha ou outra fala non é obxectiva nin científica, senón subxectiva e política. Unha lingua é só un dialecto ou grupo de dialectos semellantes (ou, ás veces, non tan semellantes) ó(s) que se lle(s) dá este título nobiliario por motivos político-sociais. De xeito semellante, un marqués non é mais home ca un peón, nin ten por que ser distinto del a nivel ningún (biolóxico, psicolóxico, cultural, etc.). O que pasa é que o marqués leva ese título e o peón non: máis nada. O de “lingua” é semellante. Os chineses chaman dialectos a varias linguas chinas inintelixibles entre si porque teñen unha conciencia moi aguda da unidade étnico-cultural chinesa, e porque a representación ideográfica das palabras é a mesma en todas as linguas chinesas. Por contra, o sueco, o noruegués e o danés son considerados “linguas” separadas, aínda que de modo obxectivo as diferencias entre eles (sobre todo entre certos dialectos deles) son mínimas. Aquí adquire relevancia a coñecida dicotomía entre “linguas por distancia” e “linguas por elaboración” (Kloss, 1967) da que se ven falando tanto en círculos galeguistas. O que acontece é que por chamarlle *horse* ó cabalo, ou *Pferd* se preferimos, non cambiamos nada del, e o cabalo segue sendo tan cabalo como antes. Igualmente, chamemos “lingua” ó galego (¿por elaboración?) ou chamémoslle variedade do tronco lingüístico galego-portugués-brasileiro (¿“gaporbrás”, remedando a Galeuzca?) non cambiamos NADA no mundo real e obxectivo (¡aínda que si cambiamos algo no mundo da percepción subxectiva cando adoptamos unha grafía distinta que fai aumentar a distancia psicolóxica coas outras variedades irmás!).

A conclusión que tiro disto é que non hai discordancia substancial entre a afirmación de Lapa de que o portugués literario tamén é (ou pode chegar a ser) galego literario, e a de Piñeiro de que o galego e o portugués son linguas irmás saídas do tronco común gaporbrás. A única diferenza entre os dous polemistas amigos é terminolóxica, e resólvese facilmente, e automaticamente, así que substituímos a palabra “lingua”, que non é científica, senón subxectiva, política e emocional, polas palabras “variedade” ou “dialecto”, que si o son (naturalmente, no discurso científico que estou a empregar estas palabras están desprovistas do matiz pexorativo que se lles dá no discurso político). Xa vimos antes que Piñeiro acepta (máis aínda, recomenda) a apertura do galego cara ó portugués, filosofía que está recollida nas Normas Ortográficas vixentes:

As escollas normativas deben ser harmónicas coas de outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas, tales como a adaptación de cultismos e de terminoloxía científica [norma 4ª].

Infelizmente, esta actitude tan de sentido común é frecuentemente violentada na praxes de moitos escritores e neofalantes galegos, que buscan o diferencialismo a toda costa, tal vez por ignorancia da lingua galega real (vid. a miña comunicación “Práctica lexicográfica nas linguas en estado de bilingüismo”). É importante decatarse que a maior vítima de tal diferencialismo é o propio galego. Por exemplo, Lapa menciona que o vocábulo *alegría* non figura no dicionario manual galego de X. L. Franco Grande, que só inclúe o arcaico e obsoleto *ledicia* nesa acepción. Esta praxes surrealista, que desgraciadamente non é rara no galego literario, non fai máis que prexudicar ó galego, pois o aparta da realidade (única terra nutricia), levándoo en vez polos aires etéreos dunha disparatada fantasía.

5. REMATE

Chegados aquí, espero que sexa evidente que a afirmación de Piñeiro de que o achegamento do galego ó portugués ten que ser “desde o galego, non renunciando ao galego” (p. 402), non só é incontrovertible, mesmo tautolóxica (¿como ía o galego achegarse ó portugués se non fose galego?), senón que é en todo acorde coas propostas de Lapa, que de xeito ningún levan ó abandono do galego, antes polo contrario, contribúen ó seu fortalecemento. O que acontece é que, como xa expuxen noutras comunicacións neste congreso, de feito non hai un galego, senón varios, moitos tal vez (vid. a miña comunicación “A historia moderna do galego e o continuo poscrioulo”). O “galego-portugués” de que fala Piñeiro (“a alternativa que nos impón a Historia non é galego-portugués, senón galego-castelán”, p. 400), só se contrapón ó portugués-portugués, de ningún modo ó gaporbrás, que xa vimos que Piñeiro acepta e defende. Por outra banda, o mesmo termo “galego-castelán” revela contaminación do galego pola lingua estatal, de tal modo que, se o galego continuar por este vieiro, inevitablemente desembocará no castelán mesmo, como de feito xa está desembocando en moitos aspectos (vid. as miñas comunicacións “A historia moderna do galego e o continuo poscrioulo” e “Práctica lexicográfica nas linguas en estado de bilingüismo”). É, por tanto, evidente que se o galego ha sobrevivir debe reorientar o rumbo, a modiño pero con firmeza, cara ós seus irmáns seculares portugués e brasileiro, precisamente como suxire Lapa e recolle Piñeiro. E, naturalmente, reorientarse non quere dicir venderse, nin disolverse sen deixar rastro. O único que quere dicir é virar o timón e abrirse ó futuro. Como vimos, non só Lapa, senón tamén Piñeiro e as Normas Ortográficas vixentes, avogan abertamente esta estratexia. Non hai, por tanto, discordia, senón concordia.

O último comentario que vou facer refírese á actitude dos dous polemistas fronte á situación lingüística e cultural do tempo en que escriben (¡en realidade non tan distinta da actual!). Lapa acode ó testemuño dos escritores galegos Xavier Alcalá e Carlos Durán para afirmar que o panorama é moi preocupante. Piñeiro rebate isto desde dous

flancos. En primeiro lugar, quita importancia ás palabras destes dous mozos subxectivi-zándoas:

As patéticas palabras do Durán e do Alcalá teñen mais de rebeldía íntima, subxetiva, que de reflexivo pesimismo fatalista (p. 389).

En segundo lugar, Piñeiro nega que a situación sexa tan má, ou mesmo má (aínda que recoñecendo que había problemas: “nós temos os problemas da unificación morfolóxica, da regularización gramatical, da fixación do vocabulario culto”; p. 399):

Os que reparamos no vigoroso progreso da revolución cultural do galego nos derradeiros decenios somos optimistas (p. 395).

Na miña opinión, Don Ramón está a deixarse levar aquí polo seu amor ó galego, que lle embaza os ollos e lle impide ver a realidade tal e como é (ou era), e que a cita de Alonso Montero con que abrín este artigo describe moi diferentemente. Eu, como estou a dicir aquí e dixer tamén noutras comunicacións, concordo con esta descrición, para entón e para agora, e afirmo rotundamente, tamén con Alonso Montero, que as cousas só se van poder mellorar se primeiro recoñecemos abertamente e cruamente (por non dicir cruelmente) a realidade. Doutro modo, imos acabar coma o fidalgo D. Quixote, vendo xigantes onde só hai muíños, e feros exércitos onde non hai máis ca un rabaño de humildes ovellas que balan.

REFERENCIAS

- Alonso Montero, X. (1973) *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*. Madrid: Akal
- Henderson, T. (1994) “Galician reintegration”. Manuscrito, University of Southampton. Presentado no IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Oxford, Setembro de 1994.
- Fernández Rodríguez, M. e Rodríguez Neira, M., (1994) *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Jardón, M. (1993) *La “normalización lingüística” una anormalidad democrática*. Madrid: Siglo XXI.
- Kloss, H. (1967) “‘Abstand languages’ and ‘Absbau languages’”. *Anthropological Linguistics* 9: 29-41.
- López Romalde, M.A. (1996) “Características de la evolución do léxico dunha nena bilingüe galego-castelán”. *Cadernos de Lingua* 13: 115-32.
- Piñeiro, R. (1973) “Carta a don Manuel Rodríguez Lapa”. *Grial* 42: 389-402.
- Portas, M. (1991) *Lingua e sociedade na Galiza*. A Coruña: Bahía Edicións.
- Roca, I.M. (1997) “On language death and language survival” in Fernández Salgado, B. (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos, 1-Lingua*, Oxford, Centre for Galician Studies, 449-489.
- Rodrigues Lapa, M. (1973) “A recuperação literária do galego”. *Grial* 41: 278-87.